



DEPORTE  
GALEGO

# CAMPIONATO PROVINCIAL MAR-COSTA OURENSE - PONTEVEDRA

O Campionato Provincial de Mar-Costa de Ourense e Pontevedra, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Pontevedra, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

## Lugar e Data:

Desenvolverase en **PRAIA AMERICA**.

**Alternativa PRAIA DE LADEIRA.**

Data : **22 de febreiro do 2025** (data alternativa no caso de suspensión por temporal, 1 de marzo do 2025)

## **Asistencia Deportistas:**

Cómpre que tódolos clubs e sociedades de pesca confirmen a asistencia dos seus deportistas, ata a data linde do 14 de febreiro do 2025 ás 12,00 horas. As inscricións deben facerse exclusivamente ao correo [delegadopontevedra@fgpesca.org](mailto:delegadopontevedra@fgpesca.org). A cota de inscrición será de 25.- € por deportista. O ingreso cómpre facelo á conta da FGPeC ES34 2080 0176 9630 4001 0672. Debe engadirse xustificante de pago á inscrición.

Unha vez feita a inscrición, no caso de non comparecer un deportista sen xustificación fidedigna, o Comité de Disciplina da FGPeC poderá actuar de oficio. O importe da inscrición non será restituído nin descontado de futuras inscricións, de habelas.

É obrigatorio que cada Club ou Sociedade de Pesca achegue unha persoa para facer labores de Control, por cada catro deportistas que inscriba. Incumprir esta obriga fará que os membros dese Club ou Sociedade non poidan participar na competición. Os controis deberán presentarse equipados dun chaleco reflectante e dun bolígrafo.

## **BASES**

Xurado: A súa composición farase pública na reunión de Delegados.

A capacidade do escenario quedou establecida en **30 deportistas**. Unha vez feitas as inscricións que a cada club lle correspondan, os clubs que así o desexen, poderán inscribir máis deportistas, previo pago dunha cota de inscrición de 25.- € por deportista inscrito a máis. No caso de que as inscricións superen a capacidade do escenario, as prazas adxudicaranse de forma proporcional ao número de tarxetas federativas que cada club tivese tramitadas



DEPORTE  
GALEGO

na tempada 2024, dándolle prioridade a aqueles deportistas que non compitan nesta especialidade en categoría veteranos. Informarase aos clubs implicados neste procedemento sobre o número de tarxetas federativas que cada un deles tramitou na tempada 2024.

**Mangas:** Desenvolverase en dúas mangas de tres horas cada unha delas. Tanto o inicio como o remate das mangas serán indicados con sinais acústicas.

A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteo dirixido.

**Capturas:** Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares. A baila equipararase a robaliza. No caso de sanción administrativa por incumprimento das tallas mínimas, a responsabilidade recae no deportista infractor.

### Material Deportivo

**Canas:** Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter dúas canas en tarefa de pesca por pescador, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

**Cebo:** Constará de 3 caixas gabilán , 2 de coreano e 3 caixas de norte na 1ª manga, e 7 caixas de gabilán e 1 de coreano na 2ª manga. O cebo subministrarao a Federación Galega de Pesca e Casting. Será o cebo que se indica ou semellante, en todo caso serán iguais cantidades e especies para tódolos deportistas.

**Anzois:** Non poderán ser de medida inferior a 5 milímetros de anchura. Os deportistas non poden atoparse en posesión nos seus postos de pesca, de anzois cunha apertura inferior a 5 cm de ancho total. Quen infrinxa esta norma será descualificado nesa manga e se fora reincidente a descualificación alcanzará a todo o campionato.

Será obrigatorio para tódolos deportistas dispor como elementos auxiliares no posto de pesca dun caldeiro de polo menos 17 litros e un osixenador, que estará en funcionamento sempre que haxa capturas no mesmo.

### Medición e control das capturas.

Consideraranse válidas tódalas capturas. Os peixes que non acaden a talla mínima regulamentaria puntuaranse cun punto por peza. As capturas introduciranse no caldeiro (anxada ou desanxada), antes de facer un novo lanzamento coa cana. O/A deportista que incumpra esta norma non se lle considerarán válidas ningunha das capturas feitas ata ese momento nesa manga.

As capturas serán verificadas polo xuíz, controis, membros do Comité ou organización. Os peixes unha vez medidos devolveranse inmediatamente á auga.



DEPORTE  
GALEGO

O/A deportista deberá de realizar o desanzoado da captura do xeito menos lesivo posible para o peixe, e deberá de manter a peza viva ata a súa verificación.

### **Programa:**

12,00 horas: Encontro dos participantes no escenario da proba.  
12,15 horas: Sorteio de postos.  
13,00 horas: Entrega de documentación.  
15,00 horas: Inicio Primeira Manga.  
18,00 horas: Fin da Primeira Manga.

### **PAUSA**

19,00 horas: Inicio da Segunda Manga.  
22,00 horas: Fin da Segunda Manga.

Os horarios, poderán ser modificados por estar a praia ocupada por bañistas ou por outros condicionantes.

Os dous primeiros deportistas clasificados por Ourense e os oito por Pontevedra, obterán praza no vindeiro campionato autonómico da especialidade. No caso de que algún deses postos o ocupase un deportista descendido do selectivo 2024, correrase a clasificación tantos postos coma deportistas descendidos ocupen esas prazas. Mirarase, dentro do posible, que en ningún caso ascendan máis, nin menos, dese número de deportistas.

O escenario estará dividido en catro sectores. A cada sector atribuiránselle tantos postos como resulten de dividir o total de inscritos por catro. A adxudicación dos distintos postos aos deportistas farase por sorteio dirixido. Os postos de pesca terán unha lonxitude mínima de 20 metros e máxima de 35 cada un deles.

No sorteio e na pesada poderán estar presentes representantes dos clubs aos que pertencen os distintos deportistas. En caso de dúbida ou erro poderán manifestar o seu desacordo ao xuíz, que será quen decida.

As clasificacións publicaranse polo grupo de wassap.

### **Normas de comportamento:**

1º Para facer o lance pódese entrar na auga a altura do nocello.

2º Unha vez feito o lance, os deportistas e as canas deberán estar na parte seca, dende onde se fará a acción de cravado e loita coa peza. Preferentemente no centro do posto, retirado a 5 metros coma mínimo da liña separadora dos postos a súa dereita e esquerda.

3º Ao sinal de fin da manga é obrigatorio desistir de inmediato na acción de



DEPORTE  
GALEGO

pesca, debendo retirar o aparello da auga, cobrando normalmente o aparello e decatándose da chegada dos Controis para a entrega das capturas.

Os deportistas deberan recuperar a liña rápida ou lentamente, pero a acción de recoller a tiróns esta prohibido e suporá a non contabilización coma válidas das capturas realizadas ata ese momento.

4º As capturas presentadas á pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga ou calquera outros corpos alleos as capturas mesmas.

5º Os deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

6º Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou á contorna. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

7º Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

8º Só poderán entrar nos postos dos competidores os xuíces, os Controis e os membros da organización a petición dos participantes. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

9º Os deportistas participantes deberán estar en posesión das licenzas federativa e de pesca en vigor. Asemade os clubs polos que compitan deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa FGPeC. Tanto os deportistas coma os controis, deben ter licencia federativa polo club que representen.

10º Unha vez publicadas as clasificacións provisionais, haberá un prazo de media hora para presentar reclamacións ou solicitar emendas. Esgotado este prazo as clasificacións pasarán a ser definitivas.

A pesada das capturas comezará media hora despois do sinal de fin da proba. Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases será o xuíz da proba quen decida. Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa autorización.

Entorpecer ou alterar o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma. A acta da competición será elevada ao Comité de Disciplina que, de ser o caso, actuará de oficio.

**Manuel Campos Cruces**  
**Presidente do Comité de Mar-Costa da FGeC**